



Exp.: RR-CUL-06/2024

Recorrente: Concello de Muxía (rte.: Santiago Manuel Toba Campaña)

Visto o recurso de reposición interposto por Santiago Manuel Toba Campaña, en nome e representación do Concello de Muxía, contra a *Resolución do 21/03/2024, da Dirección Xeral de Cultura, de adxudicación das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas*, e publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 66 do 4/04/2024, mediante a *Resolución do 22/03/2024, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT235A)*, na que se denega a solicitude do Concello de Muxía por non ter cuberta e remitida ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a estatística de bibliotecas de 2022, e con base nos seguintes

FEITOS

I. Pola Orde do 26 de decembro de 2023, da extinta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (*Diario Oficial de Galicia* núm. 14, do 19/01/2024), establecéronse as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT235A).





II. Con data do 16/02/2024 Santiago Manuel Toba Campaña, en nome e representación do Concello de Muxía, presentou solicitude de axuda para o programa de subvención a entidades locais de Galicia para a adquisición de novidades editoriais en galego e para as melloras das coleccións nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia (para a Biblioteca Pública Municipal de Muxía- Santiago Rey Fernández La Torre), ao abeiro da convocatoria sinalada no antecedente I.

Xunto coa solicitude, o concello achegou un documento asinado polo Alcalde o 29.01.2024 no que comunica "Que o servizo da biblioteca municipal de Muxía Santiago Rey Fernández La Torre con código CBM 062 reactivouse no mes de setembro de 2023 contando actualmente cun horario de apertura de 32h 30 ´semanais de martes a sábado. Que a biblioteca ten informatizada a súa xestión e está integrada dentro da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia".

III. Con data do 21/03/2024 o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (por delegación, o director xeral de Cultura) resolveu a convocatoria citada no antecedente I. Na citada resolución desestímase a solicitude do Concello de Muxía por non ter cuberta e remitida ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a estatística de bibliotecas de 2022.

No DOG núm. 66 do 04/04/2024 publicouse a Resolución pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023.

IV. Con data do 30/04/2024 Santiago Manuel Toba Campaña, en nome e representación do Concello de Muxía, interpuxo un recurso de reposición contra a resolución denegatoria da axuda.

Xunto co escrito de recurso achégase o certificado da Secretaria do Concello no que sinala que no expediente TEDEC 2024/A008/000003 consta un informe emitido pola Concelleira de Cultura, Educación e Igualdade co seguinte contido: "Que o servizo da biblioteca municipal de Muxía Santiago Rey Fernández La Torre, con código CBM 062, permaneceu pechado desde o 31/12/2021 ata o mes de setembro de 2023 ao carecer a entidade de persoal para realizar a prestación deste servizo".

V. Con data 5/06/2024 o xefe do Servizo do Libro e Publicacións emitiu un informe sobre o recurso formulado.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA. A resolución do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (por delegación, o director xeral de Cultura) pola que se denega a subvención para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, é un acto recorrible segundo o artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) que dispón o seguinte:

“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.”

O recurso interposto é admisible por reunir os requisitos de lexitimidade, presentación en prazo e demais esixidos no artigo 112 e seguintes da LPACAP, e os máis específicos dos artigos 123 e 124, reguladores do recurso potestativo de reposición.

SEGUNDA. A competencia para resolver o presente recurso potestativo de reposición correspóndelle ao conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, segundo o artigo 34.7 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, en relación co Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Disposición adicional terceira do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e co artigo 123 da LPACAP.

Esta competencia atópase delegada no director xeral de Cultura, segundo o punto segundo, letra g), da Orde do 28 de xuño de 2024, de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección e nos departamentos territoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 130, do 5 de xullo.

TERCEIRA. O artigo 7 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e





se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT235A) establecía os requisitos de participación. Concretamente, indicaba:

"1. As bibliotecas públicas ou axencias de lectura municipais receptoras dos fondos bibliográficos deberán cumprir os seguintes requisitos:

(...)

c) Ter cuberta e remitida ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a estatística de bibliotecas do ano 2022.

Quedan excluídas do cumprimento deste requisito as bibliotecas públicas ou axencias de lectura que fosen creadas ou reactivasen os seus servizos durante 2023 ou 2024, antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

(...)".

No relativo a este requisito, o xefe do Servizo do Libro e Publicacións, no informe citado no antecedente V, indicou:

A estatística anual das bibliotecas públicas elabórase a partir da información facilitada polas bibliotecas mediante un cuestionario ao que se accede vía web, a través do Portal da Rede de Bibliotecas de Galicia.

O prazo para cubrir a estatística do ano 2022 estivo aberto desde o día 25 de xaneiro ata o 10 de marzo de 2023. A apertura do prazo foi publicada mediante aviso na páxina web da Rede de Bibliotecas de Galicia, medio habitual para a publicidade aos asuntos de interese para as bibliotecas públicas (<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/novas/estadistica-2022>). Tamén se comunicou mediante correo electrónico a todas as bibliotecas que figuraban como abertas no Directorio de Bibliotecas de Galicia.

No prazo establecido, o Concello de Muxía non cubriu a información estatística.

Da documentación achegada despréndese que a biblioteca estivo pechada durante todo o ano 2022 e reactivouse no 2023. Malia que o concello non o comunicou no seu momento estas circunstancias, o certo é que se a biblioteca non tivo actividade no 2022 non tiña información estatística que proporcionar, e polo tanto non procede exixirlle a súa cobertura.

Por todo o anterior, considérase que concorre a causa de exención de cumprimento do requisito sinalado no artigo 7.c) da orde de bases reguladoras (reactivar os seus servizos durante o 2023) e en consecuencia, procede estimar o recurso e concederlle ao Concello de Muxía a subvención do programa CT235A na convocatoria 2024.





Segundo os artigos 30 e 35 da orde de bases reguladoras, ás entidades solicitantes que cumpran as condicións establecidas nesta orde concederáselles unha subvención en función do número de habitantes. Non obstante, poderanse superar as cantidades máximas, se unha vez repartido o crédito inicial existisen remanentes.

O importe asignado a cada concello será o resultado de ratear o orzamento dispoñible entre a totalidade delas. De conformidade co sinalado na resolución do 22.03.2024, da Dirección Xeral de Cultura, pola que se resolve a convocatoria, a cantidade asignada a cada concello segundo o número de habitantes no rango entre 2.001 e 5.000 para o programa A foi de 826,44 € e para o programa B de 1.585,62 €. A poboación do concello de Muxía en 2022 era de 4.486 habitantes. Polo que lle correspondería a concesión das mencionadas cantidades para cada un dos programas.

Á vista de todo o anterior, debe concluírse que o Concello de Muxía reunía os requisitos recollidos no artigo 7 da orde de bases reguladoras para acceder ás axudas, ao quedar acreditada no expediente a concorrencia da causa de exención do cumprimento do requisito sinalado na letra c) do citado artigo 7 (reactivar os seus servizos durante o 2023) e procede, polo tanto, a estimación do recurso presentado e, consecuentemente, a concesión da subvención solicitada, na contía que resulta da aplicación dos criterios recollidos nos artigos 30 e 35.

Tal e como se recolle no informe do xefe do Servizo do Libro e Publicacións, tendo en conta que a poboación do concello de Muxía no ano 2022 era de 4.486 habitantes, correspóndenlle as cantidades asignadas para concellos no rango de habitantes entre 2.001 e 5.000, que foron, para o programa A (subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico) de 826,44 € e para o programa B (subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas) de 1.585,62 €.

Por todo o exposto, e vistos o expediente administrativo, o informe do Servizo do Libro e Publicacións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, a Orde do 26 de decembro de 2023 e as demais normas de xeral e pertinente aplicación,

RESOLVO

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Complexo Administrativo San Caetano, s/n. - Bloque 3 – 2ª Planta
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 841 . xuridico.cultura@xunta.gal



Primeiro. Estimar o recurso de reposición interposto por Santiago Manuel Toba Campaña, en nome e representación do Concello de Muxía, contra a *Resolución do 21/03/2024, da Dirección Xeral de Cultura, de adxudicación das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas*, e publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 66 do 4/04/2024, mediante a *Resolución do 22/03/2024, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento CT235A)*, na que se denega a solicitude do Concello de Muxía por non ter cuberta e remitida ao Servizo do Sistema de Bibliotecas a estatística de bibliotecas de 2022.

Segundo. Conceder ao Concello de Muxía as axudas que se indican:

- Unha axuda por importe de 826,44 € para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico (programa A).
- Unha axuda por importe de 1.585,62 € para a mellora de coleccións bibliográficas (programa B).

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 10.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Notifíquese esta resolución á persoa interesada, en cumprimento do previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

P.D. (Orde do 28 de xuño de 2024, DOG núm. 130, do 5 de xullo)

O director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

